



ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

MESÍA

Acordo plenario de determinación de cargos con dedicación exclusiva, retribucións e asistencias dos membros da corporación local

O Pleno do concello de Mesía, en sesión extraordinaria celebrada en data 23 de xuño de 2023, adoptou o seguinte acordo de determinación de cargos con dedicación exclusiva, retribucións e asistencias dos membros da corporación local:

“**PRIMEIRO.-** O recoñecemento e aprobación da dedicación exclusiva para os seguintes cargos, coas seguintes retribucións:

- Alcaldía: 42.162,12 €, distribuídos en catorce pagas anuais.
- Concellería de educación, cultura, igualdade e xuventude: 26.877,76 €, distribuídos en catorce pagas anuais.

As anteditas retribucións variarán segundo o fagan as retribucións dos funcionarios públicos nas Leis de orzamentos xerais do Estado ou calqueira outra que as determine.

SEGUNDO: Dar de alta no Réxime Xeral da Seguridade Social ao Sr. Alcalde e á Sra Concelleira, con efectos dende a data da súa toma de posesión, o 17 de xuño, asumindo o Concello de Mesía o pago das cotas empresariais que correspondan conforme a lei.

TERCEIRO: Os membros da Corporación que non teñan dedicación exclusiva ou parcial percibirán asistencias pola concorrencia efectiva ás sesións dos órganos colexiados da Corporación nas seguintes contías:

- Plenos: 60 euros por sesión a cada membro.
- Xuntas de Goberno Local: 110 euros por sesión para cada membro.
- Comisións Informativas: 100 euros por sesión para cada membro.

CUARTO: Publicar o presente acordo no BOP e no taboleiro de anuncios do Concello.”

Mesía, 23 de xuño de 2023.

Asdo: Mariano Iglesias Castro.

Alcalde.